

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e oito de outubro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece horas trinta

minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 23 de outubro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)”

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación final e liquidación correspondente á obra de “*Pavimentación de camiño municipal entre os*”

lugares da Torre (Rodeiro) e Axiaz (Agolada)”, por importe de SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (6.889,55 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Román Gómez Fraiz.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 6.889,55 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-348 (FACe), de data 13/10/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 28 de outubro de 2025, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe final da obra asinado pola dirección facultativa en data 13/10/25.

3.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA A CREACIÓN E/OU MELLORAS DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local por Resolución de data 30/05/25, por importe de

50.000,00 €, para a execución do investimento denominado “*Pavimentación de camiño municipal entre os lugares da Torre (Rodeiro) e Axiáz (Agolada)*”, ao abeiro da Orde do 14 de xaneiro de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 18, do 28/01/25), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 50.000,00 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	DNI/CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.	██████	2025/8	31/01/2025	17/02/2025	3.390,40 €
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	OB2025-304	23/09/2025	07/10/2025	75.554,13 €
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	OB2025-348	13/10/2025	28/10/2025	6.889,55 €
CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.	██████	2025/58	25/09/2025	28/10/2025	3.767,11 €

- Cantidade xustificada: 89.601,19 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Administración Local, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

4.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DESTINADA AO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE SOCORRISMO NA PISCINA MUNICIPAL

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, por resolución de data 05/06/25 e por importe de 5.092,97 €, para o financiamento do servizo de socorrismo na piscina municipal, ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 30, do 13/02/25), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 5.092,97 €
- Gasto realizado:

TRABALLADOR/A	SALARIO BRUTO	SEGURIDADE SOCIAL PATRONAL	TOTAL COSTE LABORAL
HUGO DIÉGUEZ CODESAL	3.766,35 €	1.258,69 €	5.025,04 €
CARLA AREÁN CAMBEIRO	3.766,35 €	1.258,69 €	5.025,04 €
TOTAL	7.532,70 €	2.517,38 €	10.050,08 €

- Cantidade xustificada: 10.050,08 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Administración Local, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

5.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN DOCUMENTAL ARQA NOS ARQUIVOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da conveniencia para o interese público de acordar a adhesión ao convenio de colaboración entre Xunta, AMTEGA e FAGAMP para implantar no Concello o sistema de xestión documental ARQA para a súa utilización no arquivo municipal do Concello, requisito asemade para a obtención de subvencións por parte do organismo autonómico para actuacións en materia de arquivos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula terceira de dito Convenio, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A adhesión do Concello de Rodeiro ao Convenio de colaboración, asinado no ano 2020, entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación do sistema de xestión documental ARQA nos arquivos públicos municipais.

Segundo.- O Concello adhírese expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado e asume as obrigas derivadas do mesmo, con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás seguintes obrigas e compromisos establecidos para as entidades locais:

- a) Colaborar no proceso de migración de datos dos arquivos ao novo programa de xestión documental e no resto dos procesos técnicos que requira a súa posta en marcha.
- b) Cumprir as normas técnicas de funcionamento do Sistema de Arquivos de Galicia.
- c) Responsabilizarse sobre o control da aplicación, así como das altas e baixas dos usuarios (consultas, mecanizadores...). Este control recaerá no arquiveiro do concello. Naqueles municipios que non contén con praza de arquiveiro, o dito control corresponderá ao secretario do concello.
- d) Comunicar as incidencias a través das canles establecidas pola Xunta de Galicia.
- e) Colaborar coa Xunta de Galicia na formación e perfeccionamento dos encargados dos servizos de xestión documental, outorgándolles permiso para asistir ás accións

formativas que se organicen, relacionados co novo programa de xestión arquivística.

- f) Contar co equipamento informático necesario para a implantación e mantemento do novo programa de xestión arquivística.
- g) Asumir, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.
- h) Cooperar na actualización dos datos do Censo de Arquivos de Galicia e na elaboración de estatísticas.
- i) Cooperar na difusión dos fondos documentais custodiados nos arquivos municipais.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o protocolo de adhesión e cantos outros resulten precisos para a efectividade do acordado.

6.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DO LUGAR DE RAÑESTRAS, PARROQUIA DE ÁLCEME

VISTO o escrito presentado por Don Pedro Manuel Cangado Castro, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN IGNACIO DE RAÑESTRAS, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Rañestras, parroquia de Álceme (RE núm. 1853, do 22/10/25), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 31 de xullo e 1 de agosto do corrente, na honra de San Ignacio. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 112,89 €, 28,00 €, 403,54 € E 47,00 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7JO0002637, TA7JO0002638, TA7JO0002639 e TA7JO0002643 (FACe).

- MAPFRE ESPAÑA S.A. 156,32 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202519900020007131 (FACe).
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES 4.000,00 €
Reintegro de anticipo de subvención non xustificada para o programa “Aula Mentor”, s/liquidación.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 729,84 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1613 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 54,77 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de setembro de 2025, s/factura núm. 25ZNX0255629 (FACe).
- ASOCIACIÓN EDUCATIVA NA NATUREZA EMOCIONARTE, SENTIR E CREAR 7.500,00 €
Por servizo de planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Campamento de verán Rodeiro de aventura 2025*” nos meses de xullo e agosto de 2025, s/factura núm. 10/2025 (FACe).
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 3.767,11 €
Honorario por dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra de “*Pavimentación de camiño municipal entre os lugares da Torre (Rodeiro) e Axiaz (Agolada)*”, s/factura núm. 2025/58 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)